




UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



A implantación progresiva dos novos planos de estudio implica a simultánea extinción dos planos de estudio ós que substitúen, consonte establece o Real Decreto 1497/87, modificado polo Real Decreto 1267/94, sobre directrices xerais comúns ós planos de estudio.

Algúns dos planos de estudio que se atopan na actualidade en proceso de extinción permitían o acceso ó seu segundo ciclo a alumnos que acadaran o grao de Diplomado, Arquitecto Técnico ou Enxeñeiro Técnico, trala superación dun curso de adaptación.

A extinción dos planos de estudio debe implicar así mesmo a extinción dos ditos cursos de adaptación, porque o acceso ó segundo ciclo dos planos novos ten una regulación específica non coincidente coa dos planos en extinción.

Dado que a implantación dos novos planos de estudio se vai realizando progresivamente e que a estrutura de ciclos non é homoxénea, é conveniente facer unha táboa sobre a extinción dos diferentes cursos de adaptación e regula-las situacións que poden xurdir pola extinción destes cursos.

POLO EXPOSTO, ESTE RECTORADO RESOLVEU:

PRIMEIRO.- EXTINCIÓN DOS CURSOS DE ADAPTACIÓN

Os cursos de adaptación, extinguiranse consonte a seguinte táboa:



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CURSO DE ADAPTACIÓN	ÚLTIMO CURSO CON DEREITO A DOCENCIA	SEN DEREITO A DOCENCIA	SEN DEREITO A DOCENCIA (derradeiro curso)
HISTORIA	1994-95	1995-96	1996-97
FILOLOXÍA	1995-96	1996-97	1997-98
PSICOLOXÍA	1994-95	1995-96	1996-97
PEDAGOXÍA	1995-96	1996-97	1997-98
MATEMÁTICAS	1993-94	1994-95	1995-96
QUÍMICA	1995-96	1996-97	1997-98
BIOLOXÍA	1995-96	1996-97	1997-98
ECONÓMICAS	1994-95	1995-96	1996-97

SEGUNDO.- ACCESO ÓS ESTUDIOS DE CIENCIAS EMPRESARIAIS

No vindeiro curso académico 1995-96, non procederá a admisión no segundo ciclo da Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais, Sección Económicas, ós diplomados en Estudos Empresariais, ó comenza-lo proceso de extinción do terceiro curso da dita Licenciatura.

TERCEIRO.- MATRÍCULA NOS CURSOS DE ADAPTACIÓN.

Nos cursos de adaptación que se atopen no período transitorio previo á extinción no que non se imparte docencia, non poderán formalizar matrícula alumnos de novo ingreso, quedando restrinxida exclusivamente para aqueles alumnos ós que lles reste algunha materia por superar.



CUARTO.- MATRÍCULA NOS SEGUNDOS CICLOS

Os alumnos que superen ou teñan superados os cursos de adaptación, poderán formalizar matrícula nos segundos ciclos das titulacións ás que recoñeza o acceso o curso de adaptación aínda que estean no período sen docencia previo á extinción definitiva.

QUINTO.- EFECTOS DA NON SUPERACIÓN DO CURSO DE ADAPTACIÓN.

Os alumnos que non teñan superado o curso de adaptación no momento da extinción, só poderán continua-los estudos de segundo ciclo ós que conducía o curso de adaptación consonte o que establezan as Ordes Ministeriais de acceso a segundos ciclos ou a titulacións de só segundo ciclo.

SEXTO.- ADAPTACIÓN ÓS NOVOS PLANOS DE ESTUDIO.

1.- Os alumnos que iniciaran estudos de segundo ciclo a través dos cursos de adaptación, e que pola extinción do plano de estudos non puideran continualos, poderán adaptarse ó plano que o substitúe.

2.- A adaptación farase tendo en conta as táboas de adaptación se así o establecera o novo plano de estudos; de non telo establecido, as Xuntas de Facultade establecerán para estes supostos as adaptacións que estimen procedentes a vista do plano de estudos da titulación que tivera o alumno, do curso de adaptación realizado, e da Orde Ministerial de Acceso ó Segundo ciclo se a huobera

3.- O establecido no anterior apartado será de aplicación ós alumnos que accedesen ó segundo ciclo da Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais, Sección Empresariais.



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

SÉXTO.- CURSO PREVIO Ó DE ADAPTACIÓN.


1.- O curso previo ó de adaptación para mestres que cursarna estudos consonte os planos de estudio de 1950 e 1967 extinguirase consonte a seguinte táboa:

CURSO	ÚLTIMO CURSO CON DEREITO A DOCENCIA	SEN DEREITO A DOCENCIA	SEN DEREITO A DOCENCIA (derradeiro curso)
CURSO PREVIO Ó DE ADAPTACIÓN	1993-94	1994-95	1995-96

2.- A non superación do curso previo antes da súa extinción, implica a imposibilidade de continua-los estudos.

3.-Unha vez superado o curso previo ó de adaptación, soamente poderán formalizar matrícula en cursos de adaptación aínda que non se imparta docencia.

Santiago, 20 de xullo de 1995
O RECTOR


Darío Villanueva Prieto

SR. SECRETARIO XERAL, SR. VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA, SR. VICEXERENTE DO CAMPUS DE LUGO, SR. VICERRECTOR DO CAMPUS DE LUGO, SRES/AS. DECANOS/AS E DIRECTORES/AS DE ESCOLAS UNIVERSITARIAS, SR. XEFE DO SERVICIO DE ALUMNADO, SR. XEFE DO SERVICIO DE INFORMACIÓN, SRES/AS. XEFES/AS DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA.